

# Alumnado con discapacidade intelectual

**EDITA**

Xunta de Galicia  
Consellería de Educación  
e Ordenación Universitaria

**ILUSTRACIÓNS**

Roi Paz Collazo

**D.L.**

C-614/2005

**ISBN**

84-6891262-X

# ÍNDICE

## **DISCAPACIDADE INTELECTUAL**

Que queremos dicir  
cando falamos de  
discapacidade intelectual? **5**

## **IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN**

Quen a fai e  
como se leva a cabo? **10**

## **RESPOSTA EDUCATIVA**

Que podemos facer nos  
centros educativos? **14**

## **PAPEL DAS FAMILIAS**

Que podemos  
facer os pais e as nais? **20**

## **BUSCANDO AXUDA**

Por onde empezo? **22**

**PARA SABER MÁIS** **25**



## DISCAPACIDADE INTELECTUAL

### Que queremos dicir cando falamos de discapacidade intelectual?

A consideración de discapacidade intelectual require da coexistencia de tres criterios relacionados entre si: un funcionamento intelectual significativamente inferior á media, a presenza de dificultades en dúas ou máis habilidades adaptativas e que se manifeste antes dos 18 anos.

O **funcionamento intelectual** fai referencia a un nivel de intelixencia inferior ao medio. Ata hai ben pouco considerábase a intelixencia como unha capacidade innata e non modificable, o que supoñía que unha persoa, ou ben nacía intelixente, ou ben pouco se podía facer desde a educación por ela.

Hoxe en día, a concepción da intelixencia achégase máis á consideración proposta por Gardner, que fala da existencia, máis ca dunha capacidade xeral, dunha estrutura múltiple con sistemas cerebrais semiautónomos, pero que, pola súa vez, poden interactuar entre si.

As implicacións desta concepción para o eido educativo son obvias. Se falamos da existencia de diferentes capacidades cognitivas, estamos dicindo que cabe a posibilidade de desenvolver unha destreza aínda que outras non se desenvolvan tanto e que este feito pode redundar no incremento do conxunto da capacidade.

Malia que sobre esta concepción non hai unanimidade na comunidade científica, sobre o que si hai unanimidade é na consideración de que a intelixencia vai máis aló do rendemento académico e da puntuación obtida nun test e de que na súa evolución inflúe decisivamente o contorno que rodea a persoa.

Mais, dado que o uso dun cociente de intelixencia (de aquí en diante, CI) é un indicador de uso común no noso contorno, é habitual considerar, para que se poida falar de discapacidade intelectual, que o cociente de intelixencia medido con probas estandarizadas debe estar por debaixo de 70 e debe producir problemas adaptativos. Se non é así, aínda en presenza dun CI de 70, é mellor non falar de discapacidade intelectual.

Con respecto ao segundo criterio, **as habilidades adaptativas**, faise referencia á eficacia das persoas para adaptarse e satisfacer as esixencias do seu medio. Estas habilidades deben ser relevantes para a idade de que se trate, de tal xeito que a ausencia delas supoña unha desvantaxe. Aínda que son moitas, entre as habilidades adaptativas máis importantes para a vida escolar podemos destacar as seguintes:

- **As habilidades de comunicación**, como a capacidade de comprender e expresar información a través de condutas simbólicas e non simbólicas: a expresión oral e escrita, a utilización de símbolos gráficos, o movemento corporal, as expresións faciais.
- **As habilidades académicas funcionais**: relacionadas con aprendizaxes escolares que teñen unha aplicación directa na vida persoal de calquera persoa, tales como a utilización práctica dos conceptos matemáticos ou os conceptos básicos das ciencias referidos ao coñecemento do medio físico e social.
- **As habilidades de coidado persoal**: relacionadas coa autonomía no aseo, na comida, no vestido e na hixiene...; en definitiva, coa aparencia persoal.
- **As habilidades de autorregulación**: capacidade para gobernar a propia conduta, para elixir, para iniciar actividades axeitadas a unha situación, para aprender



e seguir un horario, acabar as tarefas esixidas, buscar axuda cando se precisa, resolver un problema nunha situación nova ou demostrar unha axeitada asertividade.

- **As habilidades sociais**, relacionadas coa capacidade para comunicarse axeitadamente con outras persoas, tanto da súa idade como cos adultos: iniciando a comunicación, manténdoa e finalizándoa, respondendo de xeito pertinente, recoñecendo sentimentos, calibrando o tipo e a cantidade de interacción co outro, axudando e respondendo ás demandas dos demais e controlando os impulsos.
- **As habilidades de lecer e tempo libre:** desenvolvemento de intereses variados de entretemento individual e con outros que reflectan preferencias e eleccións persoais, respecto polas normas de xogo e regras colectivas, respecto das quendas, etc.

Existen moitas outras habilidades adaptativas, como son as relacionadas coas habilidades de vida no fogar, de utilización da comunidade, de saúde e seguridade e de traballo. Pero estas últimas, aínda que presentes no currículo adaptado do alumnado, son menos relevantes para o traballo escolar e para a provisión de recursos no medio educativo e requiren adaptacións noutros ámbitos.

A resposta educativa que se dará nos primeiros anos de escolaridade recollerá as habilidades adaptativas máis importantes para esa idade, do mesmo xeito que os programas educativos posteriores recollerán outros aspectos. En definitiva, do que se trata é de prestar atención a determinadas habilidades cando son axeitadas á idade de que se trate.

Con respecto ao terceiro criterio do que falabamos na definición, o **referido á idade**, o normal é que unha discapacidade intelectual significativa se detecte xa en idades temperás. En relación con isto, cómpre comentar tamén que a discapacidade intelectual pode darse



soa ou xunto con outras discapacidadeas ou síndromeas. Nós, aquí, referirémonos a persoas con discapacidade intelectual cando esta sexa a primeira causa de discapacidade na diagnose.

Por último, con respecto á súa orixe, cómpre dicir que esta pode ser moi diversa; aquí nomeamos, a modo de exemplo, as causas máis frecuentes que a poden producir:

- Factores xenéticos, como no caso da síndrome de Down.
- Erros conxénitos do metabolismo, como a fenilcetonuria.
- Alteracións do desenvolvemento embrionario, nas que se inclúen as lesións prenatais.
- Problemas perinatais, relacionados co momento do parto.
- Enfermidades infantís, que poden ir dende unha infección grave a un traumatismo.
- Graves déficits ambientais, cando non existen condicións axeitadas para o desenvolvemento cognitivo, persoal e social.

# IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN

## Quen a fai e como se leva a cabo?

A atención educativa debe comezar a darse tan pronto como se detecten as circunstancias que a aconsellen, calquera que sexa a idade do neno ou nena.

Para isto é fundamental que funcionen axeitadamente as canles de identificación e o traspaso de información entre os diferentes actores implicados neste proceso: familia, escola, sanidade e servizos sociais, cando cumpra.

As familias e o profesorado poden e deben contribuír a esta detección temperá en primeira instancia. Algúns dos indicadores aos que podemos estar atentos son os seguintes, sempre tendo moi claro que no colectivo que nos ocupa hai tanta diversidade como pode haber en calquera outro, polo que esta enumeración non pode ser exhaustiva, nin tampouco se teñen que presentar todas as características que aquí se sinalan:

- A existencia de dificultades académicas xeneralizadas.
- A presenza dunha linguaxe expresiva deficitaria, con escaseza de vocabulario e pobre dicción.
- Os altibaixos na concentración e o esforzo mental inestable.
- Un maior grao de torpeza motora, que se manifesta fundamentalmente na motricidade fina e grosa.
- O interese por xogar con nenos máis pequenos cós da súa idade.

- A falta de confianza en si mesmo, escasa autoestima e baixo autoconcepto.
- O medo a enfrontarse a tarefas novas e a situacións descoñecidas.
- A dificultade para manter atención continuada.
- A pouca capacidade para tolerar a frustración.
- A pretensión de ser o centro de atención dos demais, con manifestacións de condutas egocéntricas desmesuradas.
- A variación nos estados de ánimo, con oscilacións que van da apatía e a tristeza á exaltación.

Os indicadores anteriores non son máis ca unha aproximación á posible existencia dun problema. Son unha pista que nos pode servir para decidir se procede unha avaliación rigorosa e axustada por parte do persoal especialista. De ser así, continuaríase co proceso de identificación.

A avaliación do funcionamento intelectual debe ser feita por persoal especializado e, en moitas ocasións, require da colaboración entre profesionais de distintos campos. Ademais, as limitacións na intelixencia deben ser consideradas conxuntamente coas demais dimensións propostas, xa que por si soas non son un criterio suficiente, aínda que poida ser necesario.

Como a intelixencia non é algo que se poida tocar ou medir directamente, precisa ser valorada de xeito indirecto: por exemplo, mediante a formulación de problemas de distinta índole que poña en xogo diferentes capacidades.

Unha vez exploradas esas capacidades, compáranse os resultados cos obtidos por outras persoas do mesmo nivel cultural, da mesma

idade, etc. Para falar destas comparacións usamos os percentís (ou centís), ou o xa comentado CI.

En calquera caso, o que hai que ter claro é que ningunha cifra é importante en si mesma, xa que pode ser tremendamente enganosa e os erros na medida da intelixencia poden ser demoledores tanto para os nenos e nenas afectados como para as súas familias. O que importa realmente é determinar cales son os mecanismos mentais que o neno ou nena pon en marcha para aprender. Por iso é común empregar máis dun instrumento de avaliación para paliar este problema antes de emitir un xuízo, co fin de proporcionar unha resposta educativa axeitada.

Con respecto á avaliación das condutas adaptativas, esta pode facerse tamén con instrumentos estandarizados ou baseándose no xuízo derivado da observación do grao de normalidade funcional que é capaz de acadar o individuo no ambiente no que se desenvolve.

Unha vez constatada a existencia de discapacidade intelectual, débese elaborar un programa educativo axeitado para cada persoa e débese procurar sempre o apoio e mais a colaboración da familia. Esta ten dereito a estar informada en todo momento das medidas educativas que afectan o seu fillo ou filla, tanto no que se refire á modalidade de escolarización proposta como no que se refire á realización dalgunha adaptación do currículo, se é que esta se realiza.



# RESPOSTA EDUCATIVA

## Que podemos facer nos centros educativos?

A finalidade da educación das persoas con discapacidade intelectual é a mesma que para o resto da poboación escolar; é dicir, acadar o desenvolvemento integral das súas capacidades, potenciando ao máximo todas as súas posibilidades.

A avaliación psicopedagóxica ten por obxecto, precisamente, explorar esas capacidades e tratar de establecer cales son as dificultades que o neno ou nena ten para adquirir aprendizaxes novas. O máis común é que esas dificultades aconsellen a elaboración dunha adaptación do currículo que, en moitos casos, é unha adaptación significativa (ACS), o que lle vai permitir ao centro escolar tomar decisións sobre aqueles elementos curriculares que é necesario modificar para axustar satisfactoriamente a resposta educativa a cada individuo. O seu desenvolvemento realizarase, sempre que sexa posible, integrado nas accións educativas ordinarias do grupo aula ao que pertence o alumno ou alumna en cuestión.

Non debemos esquecer que todas as persoas temos unhas necesidades que debemos satisfacer para poder acadar un axeitado equilibrio persoal. Isto é así tamén para o colectivo que nos ocupa, polo que é especialmente importante que o profesorado estea atento a que este alumnado desenvolva as seguintes necesidades básicas:

- Asumir o seu propio corpo, xa que, en moitas ocasións, as persoas con discapacidade intelectual o ven como algo imperfecto e estenden esta visión a outros aspectos da súa personalidade.
- Traballar a autonomía persoal, xa que neste colectivo son moi acusados aspectos tales como a sobreprotección.

- Proporcionarlles un extra de motivación, xa que o esforzo que lles supoñen moitas tarefas fai que se incorporen ás actividades con maior dificultade.
- Axudarlles a construír unha autoestima axustada, xa que é un elemento fundamental para o equilibrio de calquera persoa e os nenos e nenas con discapacidade teñen menos doado acadala polo reflexo, inconsciente ou non, que a sociedade proxecta sobre eles, e que eles si perciben con claridade.
- Ampliando as oportunidades que o medio lles proporciona, xa que, se estas son axeitadas, o seu prognóstico mellorará, agás que se trate de atrasos mentais progresivos.

Cando se verifica a existencia de discapacidade intelectual, pode ser de utilidade poñer en contacto os pais e as nais con algunha asociación que integre a familias con fillos e fillas con esta mesma problemática. En moitos casos teñen unha asistencia social que pode orientar e apoiar os pais e as nais sobre posibilidades de tratamento, axudas, educación non formal, etc. e, ademais, son un apoio emocional importante para non sentírense sós.

A proposta para a escolarización deste alumnado, así como a identificación dos apoios e recursos complementarios que se consideren precisos para a súa atención educativa, correspóndelle á Administración educativa. Estas propostas estarán fundamentadas na avaliación psicopedagóxica e nelas tratarase de ter en conta tanto as características do alumnado como as do seu contorno familiar e social.

## MODALIDADES DE ESCOLARIZACIÓN

As distintas modalidades de escolarización teñen por obxectivo que a resposta educativa sexa a máis axeitada a cada persoa en particular.

- A máis común é a **escolaridade ordinaria** con apoios específicos. O alumno ou alumna asiste a un centro ordinario, pertence a un grupo aula e ten o mesmo titor ou titora ca todo o grupo. Se é necesario, o centro pode dispoñer que o profesorado de apoio tamén lle preste atención educativa.
- A escolarización en **centros específicos de educación especial**: só se leva a cabo cando a escolarización nun centro ordinario non é aconsellable pola gravidade das circunstancias que conflúen no neno ou nena e esta modalidade é a que se considera idónea, dado que todos os argumentos apoian esta vía como a mellor opción para o seu desenvolvemento persoal.
- Unha modalidade a medio camiño entre estas dúas opcións é a **escolarización combinada** que, como o seu nome indica, compaxina a escolarización nos dous tipos de centros anteriores, co fin de optimizar os recursos educativos que ambos poden proporcionar e de facilitar un contorno o máis integrador posible.
- Unha última modalidade podería ser a de escolarización nas chamadas **aulas específicas de educación especial** en centros ordinarios. O procedemento para a escolarización do alumnado nestas aulas é o mesmo có establecido para os centros específicos de educación especial. Estas aulas contan cun espazo físico propio e maior dotación de recursos para facilitar o mellor acceso e desenvolvemento do currículo. A escolarización nestas



aulas non é óbice para que a participación do alumnado nas actividades do centro sexa a maior posible, coa finalidade de respectar o principio de integración.

En todo caso, as decisións sobre a modalidade de escolarización terán carácter revisable, atendendo ás circunstancias que poidan afectar os alumnos e alumnas e aos resultados das oportunas avaliacións das medidas establecidas.

## PERMANENCIA E PROMOCIÓN

A normativa vixente establece como idades para a educación básica e obrigatoria, con carácter xeral e nos centros ordinarios, o período que vai dos 6 aos 16 anos de idade, e ata os 18 se o proceso de seguimento e avaliación así o aconsella.

No caso do alumnado con discapacidade intelectual, o sistema permite outras posibilidades para adaptarse mellor aos seus ritmos e necesidades, polo que é susceptible de acollerse a medidas previstas na lexislación, tales como as **flexibilizacións** ou as **fragmentacións**.

A **flexibilización** da duración do período de escolaridade é unha medida excepcional que consiste na prolongación da permanencia nun curso ou etapa, sempre e cando se constate que xa se aplicaron previamente outras medidas das previstas para a atención do alumnado con necesidades educativas específicas.

Pódese solicitar en todas as etapas educativas do ensino básico e obrigatorio e tamén, como veremos máis adiante, no ensino postobrigatorio. As flexibilizacións da escolaridade deben estar ben fundamentadas polos centros e será a Consellería de Educación quen, en última instancia, autorice esta permanencia excepcional.

As **fragmentacións** son un tipo de flexibilización derivadas dunha necesidade de apoio moi específico e xustificado, que, de seren



autorizadas, permitirían dividir os cursos terceiro e cuarto da educación secundaria obrigatoria para permitir unha temporización máis axustada ás necesidades de cada alumno ou alumna, de tal xeito que se lle facilite a consecución dos obxectivos da etapa.

Con respecto á escolarización nos centros de educación especial, a posibilidade de permanencia neles amplíase ata os 21 anos.

Unha vez finalizado o tramo de escolaridade obrigatoria, contémpanse varias opcións para continuar o proceso de escolarización, que estarán dirixidas fundamentalmente á preparación para o mundo do traballo ou para o mundo académico. Tamén neste tramo, a normativa permite, cando as circunstancias así o requiren, a posibilidade de flexibilización e fragmentación da duración das ensinanzas correspondentes.

Os departamentos de orientación dos institutos e dos centros de educación especial, se é o caso, asesorarán o alumnado e as súas familias para elixir a opción máis axeitada de entre a oferta existente. As opcións máis xeneralizadas, sen desbotar outras, para as persoas con estas características, son:

- A formación profesional ordinaria de grao medio, con posibles adaptacións dos módulos e ciclos da formación profesional regrada. Para poder acceder, cómpre estar en posesión do título de graduado na ESO.
- Os programas de cualificación profesional inicial, coa posibilidade de flexibilizar os módulos cunha temporalización diferente á establecida con carácter xeral.
- Os centros de educación para as persoas adultas.

# PAPEL DAS FAMILIAS

## Que podemos facer os pais e as nais?

Pode resultar útil poñer en contacto os pais e as nais con algunha asociación que integre outras familias con fillos e fillas de similares características. A meirande parte son asociacións sen ánimo de lucro e resultan moi orientadoras en canto a posibilidades de tratamento, educación, recursos, etc.

Os pais e nais poden axudar os seus fillos:

- Dándolles instrucións claras e detalladas: os nenos e nenas usarán estratexias tanto máis axeitadas canto mellor nos entendan.
- Evitando o paternalismo e o trato infantilizado.
- Non marcándolles metas excesivamente ambiciosas sen contar con que as persoas as poidan desenvolver axeitadamente.
- Non sobreprotexendo e impedindo o crecemento persoal, as actitudes exploratorias, os erros superables e a curiosidade ante o descoñecido.
- Implicándose na súa estimulación sensorial, motriz e comunicativa temperá, cunha actitude relaxada que lles permita desenvolver estratexias adaptativas de interacción.
- Observando e optimizando as respostas actuais que emite o neno ou nena, en vez de estar preocupados polo que ten que aprender.
- Establecendo interaccións satisfactorias para as dúas partes, pais e nais por un lado e fillos ou fillas

por outro, evitando situacións de instrución que resulten pouco agradables e que produzan estrés.

- Axudándolles a crear representacións mentais dos obxectos, presentándollos na realidade para que os poidan manipular sempre que isto sexa posible, ou axudándoos con representacións o máis reais posibles.
- Prestándolles a debida atención sen se someteren aos seus caprichos e sen axudalos máis do necesario.
- Evitando comparalos cos demais. Moléstalle a calquera e tamén a eles, porque ninguén é mellor nin peor, só diferente.

# BUSCANDO AXUDA

## Por onde empezo?

O inicio do procedemento de identificación prodúcese no momento no que, ben desde o contorno familiar, ben desde o escolar, se manifestan indicios de que un neno ou nena ten unha capacidade diferente do que cabe esperar para a súa idade.

O máis común é que, no período anterior ao comezo da escolaridade, a detección temperá se produza nos centros sanitarios e se dea comezo a un programa de estimulación temperá que permita reforzar a adquisición das aprendizaxes en catro ámbitos fundamentais: na área de linguaxe, na motora, na perceptivo-cognitiva e na de socialización. En tal programa, a intervención é sistemática e multifactorial e persegue optimizar as posibilidades de cada persoa. Ademais, tamén cabe a posibilidade de implantar este tipo de programas naqueles casos nos que existe sospeita fundada de risco de discapacidade.

Xa nos centros educativos, é o profesorado titor o que lle solicita ao departamento de orientación do centro que valore a pertinencia dunha avaliación psicopedagóxica individual do alumno ou alumna, co que se inicia deste xeito o proceso de recollida de información cara a unha valoración e resposta educativa.

Xa que logo, nos centros educativos, o primeiro referente constitúe o departamento de orientación. Ao mesmo tempo, os centros tamén poden contar coa colaboración dos equipos de orientación específicos, que dispoñen de persoal especializado en cada provincia para axudar na atención deste alumnado:

<http://centros.edu.xunta.es/contidos/eoe>

### **EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DA CORUÑA**

R/ Pepín Rivero, s/n  
15011 A Coruña  
Tfno.: 981 251 403 – 981 251 466  
[eo.e.coruna@edu.xunta.es](mailto:eo.e.coruna@edu.xunta.es)

### **EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DE LUGO**


R/ Dr. Yáñez Rebolo, 31  
27004 Lugo  
Tfno.: 982 228 488  
[eo.e.lugo@edu.xunta.es](mailto:eo.e.lugo@edu.xunta.es)

### **EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DE OURENSE**

Rúa da Universidade, s/n  
32005 Ourense  
Tfno.: 988 231 991  
[eo.e.ourense@edu.xunta.es](mailto:eo.e.ourense@edu.xunta.es)

### **EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO DE PONTEVEDRA**

Avenida Fernández Ladreda, 48 – 8º  
36003 Pontevedra  
Tfno.: 986 805 655 – 986 805 972  
[eo.e.pontevedra@edu.xunta.es](mailto:eo.e.pontevedra@edu.xunta.es)





## REFERENCIAS LEGISLATIVAS

Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG do 7 de novembro) pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (agás o artigo 10.1).

Decreto 320/1996, do 26 de xullo (DOG do 6 de agosto), de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

Orde do 31 de outubro de 1996 (DOG do 19 de decembro) pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.

Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27 de abril) polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo) pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

Orde do 27 de decembro de 2002 (DOG do 30 de xaneiro de 2003) pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

Resolución do 22 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio).

Decreto 130/2007, do 28 de xuño (DOG do 9 de xullo de 2007) polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG do 13 de xullo de 2007) polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 13 de maio de 2008 (DOG do 23 de maio de 2008) pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 23 de novembro de 2007 (DOG do 30) polo que se regula a avaliación na educación primaria.

Orde do 6 de setembro de 2007 (DOG do 30) pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BARRY M. F. (1996): *Interpretación de la discapacidad. Teoría e historia de la educación especial*. Barcelona: Pomares-Corredor.

CONSEJERÍA DE EDUCACIÓN Y CIENCIA (1997): *Las necesidades educativas especiales en la escuela ordinaria. Atención a la diversidad* (2 tomos). Madrid: MEC.

ASOCIACIÓN AMERICANA SOBRE ATRASO MENTAL AAMR (2002): *Retraso Mental*. Madrid: Alianza Editorial.

GARCÍA FERNÁNDEZ, J. M. (2002): *Discapacidad intelectual. Desarrollo, comunicación e intervención*. Madrid: CEPE.

GONZÁLEZ PÉREZ, J. (2003): *Discapacidad intelectual. Concepto, evaluación e intervención psicopedagógica*. Madrid: CCS.

RODRIGUEZ, J. e DE PABLO BLANCO, C. (2004): *Retraso mental. Guía de intervención*. Madrid: Ed. Síntesis.

SCHALOCK, R. L. e VERDUGO, M. A. (2003): *Calidad de vida. Manual para profesionales de la educación, salud y servicios sociales*. Madrid: Alianza Editorial.

VERDUGO ALONSO, M. A. (dir.) (1995): *Personas con discapacidad. Perspectivas psicopedagógicas y rehabilitadoras*. Madrid: Ed. Siglo XXI.



